

CONCURSO TIKTOK CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Tiktoksenviolencias

Bases do concurso



RETNOVA
ProxectiaConsulting

retnova@retnova.com
www.retnova.com

BASES CONCURSO TIKTOKSENVIOLENCIAS

BREVE DESCRICIÓN

TIKTOKSENVIOLENCIAS é unha iniciativa do Concello de Sanxenxo, que consiste nun concurso de vídeos de *Tiktok*, de creación propia, orientado á prevención da violencia de xénero e das violencias machistas dixitais.

Este concurso forma parte das actividades do Concello, no marco do Día Internacional da eliminación da Violencia contra as mulleres (25N).

Desenvólvese en dúas fases:

- Primeira fase: consiste nunha rolda de sesións formativas en materia de violencia de xénero e de sesións informativas sobre o concurso nos centros educativos de secundaria do Concello de Sanxenxo.
- Segunda fase: aberta á poboación en xeral do Concello de Sanxenxo, co firme propósito de involucrar a toda a cidadanía nun proxecto de concienciación sobre unha situación tan preocupante na actualidade.

PARTICIPACIÓN

- Primeira fase: alumnado dos tres Institutos de Educación Secundaria do Concello de Sanxenxo: **IES Sanxenxo**, **IES Vilalonga** e **CPR Plurilingüe Abrente**.
- Segunda fase: cidadanía en xeral do Concello de Sanxenxo.

TEMÁTICA DOS VÍDEOS

O contido dos vídeos estará relacionado coa violencia de xénero e tratarán sobre algunha das seguintes posibles temáticas:

- ⇒ Relacións interpersoais libres de violencias, baseadas no respecto á autonomía e liberdade.
- ⇒ Violencias machistas en espazos virtuais: *sexpredding*, *revengeporn*, *ciberbulling*, *grooming*...
- ⇒ Mitos do amor romántico que "normalizan" a violencia de xénero.
- ⇒ Crítica da masculinidade e feminidade tradicional.
- ⇒ Cousificación e hipersexualización das mulleres en redes sociais.
- ⇒ Prevención da violencia sexual (agresión e acoso).
- ⇒ Relacións sexuais desexadas, libres e consentidas.

- ⇒ Violencia exercida cara os/as fillo/as das mulleres, por parte das súas parellas ou ex parellas. (violencia vicaria).

CRITERIOS DE ADMISIÓN DOS VÍDEOS A CONCURSO

As persoas participarán individualmente ou de maneira grupal. Cada persoa ou grupo de persoas participará cunha única peza audiovisual.

No caso de grupos:

- ❖ Cada persoa, no caso de decidir participar de xeito grupal, só poderá formar parte dun único grupo.
- ❖ Cada grupo estará integrado por un número máximo de tres participantes.
- ❖ De resultar gañador un proxecto grupal, seguirá a ser un único premio por proxecto gañador (non por persoa integrante do grupo).

A peza será orixinal e inédita.

A **duración** das creacións audiovisuais será inferior a 1 minuto e superior a 20 segundos.

Cada vídeo presentado deberá incluír:

- ⇒ **Título**: elixido pola persoa participante/autora para a súa peza.
- ⇒ **Hashtag** do proxecto: **#tiktoksenviolencias**

Quedarán fóra de concurso:

- ❖ Os vídeos que promovan una mensaxe violenta, sexista, denigrante ou ofensiva.
- ❖ Os vídeos que representen situacións de violencia de maneira explícita. Preténdese que os vídeos sensibilicen contra a violencia de xénero en positivo, sen reproducir un imaxinario violento que banalice a violencia.
- ❖ Os vídeos que utilicen unha música que reproduza estereotipos sexistas e/ou que transmitan mensaxes violentas ou denigrantes cara á muller.

PROCESO DE PARTICIPACIÓN

1. **Elaborar un vídeo** mediante a plataforma *Tiktok* sobre algunha temática relacionada coa prevención da violencia de xénero e as violencias machistas.
2. **Seguir o perfil de TikTok @tiktoksenviolencias.sxo** e, posteriormente, aceptar dito perfil como seguidor/a. Isto permitirá a correcta visualización dos vídeos por parte do xurado.
3. **Publicar o vídeo** na conta persoal de *Tiktok* da persoa participante, co título elixido e o **hashtag** do concurso (**#tiktoksenviolencias**).

4. Mencionar o perfil de *Tiktok* de [@tiktoksenviolencias.sxo](#) na publicación do vídeo.
5. Enviar un correo electrónico a tiktoksenviolencias.sanxenxo@gmail.com axuntando:
 - ⇒ Vídeo.
 - ⇒ Título do vídeo.
 - ⇒ Datos da(s) persoa(s) autora(s): nome e apelidos, idade, curso e centro educativo no que estuda.

No apartado de "asunto" especificarase: [concurso Tiktoksenviolencias](#)

PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS VÍDEOS

A data límite para a presentación dos vídeos é o 15 de novembro, este incluído.

PREMIOS

Outorgarase un 1º, 2º e 3º premio.

Os tres premios consistirán en:

- ⇒ 1º PREMIO. Apple AirPods de 2ª Xeración.
- ⇒ 2º PREMIO. Impresora fotográfica portátil para o móbil -Xiaomi Mi Portable Photo Printer.
- ⇒ 3º PREMIO. Altofalante Wi-Fi intelixente. Echo Dot de 3ª Xeración con Alexa.

XURADO

O xurado estará formado por:

- ⇒ Persoal da área de igualdade do Concello de Sanxenxo.
- ⇒ Técnica de xuventude do Concello (ou persoa substituta con cargo similar).
- ⇒ Persoa experta en igualdade de xénero de RETNOVA.

O xurado seguirá os seguintes [criterios de avaliación](#):

1. Adecuación da peza visual á temática do concurso.
2. Orixinalidade do vídeo.
3. Potencial sensibilizador da peza audiovisual e capacidade desta para invitar á reflexión sobre as violencias machistas.
4. Capacidade para sintetizar e comunicar os contidos aprendidos na sesión formativa do concurso.

ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios terá lugar o 25 de novembro, Día Internacional da eliminación da Violencia contra as mulleres, no marco das actividades previstas polo Concello de Sanxenxo para esta data.

Os vídeos finalistas publicaranse posteriormente no perfil @tiktoksenviolencias.sxo. Ademais, daráselles difusión nas redes sociais dos centros educativos e do Concello de Sanxenxo, a partir do 26 de novembro.

- ❖ *A participación no concurso supón a plena aceptación das bases e o fallo inapelable do xurado. O xurado resérvase a facultade de resolver calquera aspecto non previsto nestas bases. Os premios poderán declararse desertos.*

CESIÓN DE DEREITOS DE REPRODUCCIÓN, DIFUSIÓN E EXPOSICIÓN

A participación neste concurso leva implícita a cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición dos vídeos premiados. En todo caso, sempre que se utilice algún dos traballos premiados con fins previstos nestas bases, nel figurará o nome da persoa que o elaborou e do centro educativo ao que pertence.

O alumnado que decida incluír no seu vídeo a persoas alleas ao concurso, deberán contar co consentimento asinado de cesión de dereitos de imaxe da persoa ou persoas que aparezan no vídeo.¹

En cumprimento da normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten, serán utilizados con fins de comunicación nas distintas fases do concurso e en ningún caso serán utilizados con outra finalidade diferente á indicada nas presentes bases. En calquera caso, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación á ReTnova Proxectia Consulting. Rúa República Checa, nº 40; 15707 Santiago de Compostela ou no enderezo de correo electrónico retnova@retnova.com.

¹ Neste caso, nin ReTnova nin o Concello de Sanxenxo se fan responsables.